

# 2025 MEMORIA DE ACTIVIDADES





Edición: Dano Cerebral Galicia

Textos e maquetaxe: Dano Cerebral Galicia

Data de publicación: Marzo de 2026

Impresión: Silo Servicios Gráficos SLL

DL: C 419-2024

Declarada de Utilidade Pública desde decembro de 2013.

**AENOR**

**GESTIÓN  
DE LA CALIDAD**

**ISO 9001**



Permítese compartir e adaptar nos seguintes termos: recoñecemento da autoría, indicar se se fixeron cambios, uso non comercial e compartir baixo a mesma licenza.

Esta publicación alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)



# ÍNDICE

---

1	Dano Cerebral Galicia	4
2	Programas executados polas asociacións	8
3	Actividades e servizos de Dano Cerebral Galicia	18
4	Proxección e recoñecemento público	59
5	Transparencia	63
6	Traballo en rede	69
7	Entidades colaboradoras	72

---

# SAÚDO DO PRESIDENTE



Benqueridas amigas e amigos de Dano Cerebral Galicia,

Cinco lustros de vida. #25AnosPoloDanoCerebral. Esta é a cifra que preside a Memoria de Actividades que vos presentamos, e que resume un 2025 marcado polos aniversarios de Alento Vigo, Dano Cerebral A Coruña ADACECO e Dano Cerebral Santiago de Compostela, as nosas entidades decanas. Unha semente que deu paso ás fundacións de Dano Cerebral Lugo e DCA Ourense, sentando as bases da creación da nosa Federación.

O lema, “25 anos polo dano cerebral”, presidiu varias das principais actividades que organizamos en 2025: a Carreira e Andaina Solidaria, que tivo lugar no barrio de Navia, que acolle a Alento, ou a Xuntanza de Persoas e Familias con Dano Cerebral Adquirido, un multitudinario evento que este ano serviu para reflexionar sobre a consolidación do noso movemento asociativo. Un antes e un despois sinalado polas familias máis veteranas, que amosaron no coloquio que abría a Xuntanza a súa ledicia, compartida por toda a Federación, polo feito de que as persoas que hoxe comezan o seu percorrido co dano cerebral adquirido non están tan soas como elas se sentiron hai 25 anos.

O ano pasado foi tamén o da consolidación do cambio cara a nosa marca común, que nos vincula a nivel local, autonómico e estatal coas nosas entidades irmás. Dano Cerebral Galicia cumpriu un ano en xuño, e a denominación incorporouse ao noso corpo estatutario para dotala de recoñecemento e fixala legalmente no lugar que merece. Acompañáronnos neste proceso as asociacións da Coruña, Lugo e Santiago, colocando de novo a Galicia como unha das comunidades de referencia no ámbito asociativo do dano cerebral adquirido.

En 2025 estreamos o Plan Estratéxico que nos vai guiar ata 2028 e estabilizamos o equipo técnico trala finalización do proxecto piloto de desinstitucionalización executado nos tres exercicios anteriores, que tamén deixou pegada no novo servizo que puxemos en marcha, de asesoramento e préstamo de produtos de apoio, e en iniciativas de verdadeira inclusión e exercicio de dereitos, como as de ocio inclusivo ou a Rede de Cidadanía Activa.

Non nos queda máis que seguir traballando, avanzando e mellorando na dirección trazada, e toda a nosa enerxía, creatividade e capacidade organizativa situada nun só obxectivo común: o exercicio de dereitos e a mellora da calidade de vida das persoas e das familias con dano cerebral adquirido.

Un cordial saúdo.

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Luciano', with a stylized flourish at the end.

Luciano Fernández Pintor



# 1 | DANO CEREBRAL GALICIA

# A FEDERACIÓN EN NOMES



## Xunta Directiva

Presidencia	<b>Luciano Fernández Pintor</b>
Vicepresidencia	<b>Laura Abeledo Lameiro</b>
Secretaría	<b>Berta Delfina Feijoo Ferreiro</b>
Tesourería	<b>Mario González Granja</b>
Vogalía	<b>Manuela Candal Garaboa</b>

## Comité de Direccións

Alento	<b>Gonzalo Mira Villar</b>
Dano Cerebral A Coruña ADACECO	<b>Natalia de Llano García</b>
Dano Cerebral Lugo	<b>Iria Abel Parga</b>
Dano Cerebral Santiago de Compostela	<b>Rocío García Calvo</b>
DCA Ourense	<b>Noelia Luque Gómez</b>

## Equipo técnico

Dirección  
Xestión económica e RRHH  
Xestión administrativa  
Comunicación  
Proxectos e Igualdade  
Formación e Calidade  
Terapia ocupacional  
Traballo social  
Educación social

**Leticia Vila Posada**  
**Adolfo M. González Rodríguez**  
**Natalia Regueiro Cerviño**  
**Irene Cancelas Sánchez**  
**Carla Miranda Iglesias**  
**Noelia Rivadas López**  
**Inés Mosquera Costa**  
**María Gosende Blanco | Ainhoa Vieites Vidal**  
**Tsion Piñeiro Novoa**


# A FEDERACIÓN EN CIFRAS



	PERSOAS SOCIAS	CRECE- MENTO	SOCIAS CON DCA	CRECE- MENTO	VOLUN- TARIADO	PROFE- SIONAIS
ALENTO	303	34	230	173*	16	73
DC A CORUÑA	552	2	349	7	1	33
DC LUGO	445	-3	116	-18	3	9
DC SANTIAGO	1.117	75	906	62	32	41
DCA OURENSE	255	-18	135	0	14	14
DC GALICIA	-	-	-	-	-	10**
<b>TOTAL</b>	<b>2.472</b>	<b>90</b>	<b>1.736</b>	<b>224</b>	<b>66</b>	<b>180</b>

\*o incremento de socios/as con DCA é maior que o xeral por un axuste no seu reconto  
 \*\*non ao mesmo tempo

## EVOLUCIÓN CON RESPECTO A 2024



### MARCA COMÚN

- 1 Primeiro aniversario do cambio o 21/06/2025. Incorporación de Dano Cerebral A Coruña ADACECO, Dano Cerebral Lugo e Dano Cerebral Santiago de Compostela.

### #25ANOSPOLODANOCEREBRAL

- 2 As tres entidades decanas -A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo- celebraron os seus primeiros cinco lustros de vida con múltiples actividades públicas. O movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia fixo con elas 25 anos, ao tempo que Daño Cerebral Estatal cumpriu 30.

### REFORMA ESTATUTARIA

- 3 Renovación do corpo legal para a consolidación asociativa e do cambio de marca: Dano Cerebral Galicia incorpórase legalmente á denominación da Federación Galega de Dano Cerebral.

### VIDA INDEPENDENTE

- 4 Consolidación da Rede de Cidadanía Activa, con presenza dos seus membros en todo tipo de foros, e dos servizos de asesoría xurídica e de produtos de apoio.



*Festival solidario 25 anos de Alento coa tortilla máis grande da historia de Vigo.*



*Un número 25 humano para Dano Cerebral A Coruña ADACECO.*



*Acto '25 anos de retos superados' de Dano Cerebral Santiago de Compostela.*





# 2 | PROGRAMAS EXECUTADOS POLAS ASOCIACIONES

# BENESTAR FÍSICO



## Obxectivos

Mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral mediante a promoción da súa autonomía persoal e funcionalidade na súa vida diaria, desde unha perspectiva de atención física e cognitiva.

Favorecer o benestar físico da persoa con dano cerebral potenciando e preservando as súas capacidades e previndo o seu deterioro a través da intervención da Fisioterapia.

Proporcionar atención específica para a recuperación cognitiva das persoas con dano cerebral atendidas polas cinco entidades executantes mediante a Psicoloxía-neuropsicoloxía.

## Actividades

- 1 Deseño e implantación de Plans Individualizados de Atención (PIA), situando á persoa con dano cerebral e á súa familia no centro do proceso rehabilitador.
- 2 Atención interdisciplinar en sesións individuais e/ou grupais de estimulación físico-motriz e cognitiva-sensorial segundo os obxectivos marcados para cada persoa.
- 3 Seguimento e avaliación das metas de rehabilitación física e/ou cognitiva ao final do periodo de intervención.

## Resultados

IRPF | Convenio  
Consellería de  
Política Social



Xaneiro a  
decembro de  
2025



A Coruña | Lugo  
| Ourense |  
Santiago | Vigo



Fisioterapia |  
Neuropsicoloxía



3 persoas  
voluntarias



### 420 PERSOAS USUARIAS

● DC Lugo

● DC A Coruña

● DC Santiago

● Alento

● DCA Ourense

46

103

123

54

94

10

# DESENVOLVEMENTO PERSOAL



## Obxectivos

Contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con DCA mediante a promoción da súa autonomía e funcionalidade na vida diaria, desde a logopedia e a terapia ocupacional.

Favorecer a recuperación das funcións relacionadas coa esfera comunicativa e de alimentación das persoas con DCA, mediante a intervención logopédica.

Contribuír á autonomía das persoas con DCA na realización das actividades da vida diaria potenciando as capacidades conservadas e a recuperación das perdas susceptibles de mellora, a través da terapia ocupacional.

## Actividades

- 1 Sesións individuais e/ou grupais de logopedia para a mellora da disfaxia, outras secuelas que afectan á alimentación e á comunicación.
- 2 Sesións individuais e/ou grupais de terapia ocupacional para recuperar a autonomía en actividades da vida diaria.
- 3 Valoración e asesoramento á persoa con DCA e á familia na selección de adaptacións persoais e axudas técnicas.

## Resultados

IRPF | Convenio  
Consellería de  
Política Social



Xaneiro a  
decembro de  
2025



A Coruña | Lugo  
| Ourense |  
Santiago | Vigo



Terapia  
ocupacional |  
Logopedia



4 persoas  
voluntarias



### 412 PERSOAS USUARIAS

● DC Lugo

● DC A Coruña

● DC Santiago

● Alento

● DCA Ourense

30

110

134

54

84

# RELACIÓNS INTERPERSOAIS



## Obxectivos

Promover a inclusión social, o desenvolvemento comunitario e o exercicio pleno do dereito de participación cidadá das persoas e familias con DCA, a través de accións centradas na mellora das relacións interpersoais.






Mellorar as habilidades sociais e de desenvolvemento comunitario das persoas con dano cerebral, fortalecendo o seu benestar social e interpersoal.

Potenciar relacións persoais e sociais saudables e positivas nas persoas con dano cerebral, mellorando a súa autoestima e calidade de vida.


## Actividades

- 1 Accións formativas (individuais e grupais) no manexo de TICs, habilidades sociais...
- 2 Obradoiros: repostería, laborterapia, música, linguaxe, carpintería...
- 3 Actividades deportivas adaptadas e inclusivas (boccia, andainas, nado...).
- 4 Actividades comunitarias de lecer, inclusión social e cidadanía activa seleccionadas entre as persoas con dano cerebral e as profesionais encargadas do programa.

## Resultados

IRPF   Convenio Consellería de Política Social 	Xaneiro a decembro de 2025 	A Coruña   Lugo   Ourense   Santiago   Vigo 	Ed. social   Int. social   Téc. deportivos/as   Auxiliares 	8 persoas voluntarias 
---	---	--	--	---

### 282 PERSOAS USUARIAS



# BENESTAR MATERIAL



## Obxectivos

Contribuír á mellor adaptación das familias das persoas con dano cerebral adquirido á nova realidade, favorecendo o acceso á información, asesoramento e apoio necesarios que garantan unha dispoñibilidade de medios materiais e capacidade económica e lle permitan unha vida comfortable e digna.


Apoderar ás familias e persoas cuidadoras para o proceso de atención aos seus familiares a través do apoio e asesoramento de profesionais de traballo social.

Proporcionar ás persoas e familias os recursos informativos necesarios para a integración social, mediante asesoramento de tramitacións de discapacidade e dependencia, co apoio do traballo social.


## Actividades

- 1 Acollida e intervención familiar individual co asesoramento de traballo social en relación a trámites e xestións, búsqueda de recursos, asesoramento legal etc.
- 2 Accións formativas e informativas con familias e poboación xeral en espazos sociocomunitarios a través de sesións en puntos informativos, escolas, servizos sociais, locais comunitarios etc.

## Resultados



### 1.603 PERSOAS BENEFICIARIAS



# BENESTAR EMOCIONAL



## Obxectivos

Contribuír á mellora da adaptación das familias das persoas con DCA á nova realidade, prestando un servizo de información, atención e asesoramento a familias cuidadoras, así como a grupos de poboación de maior risco de DCA, dende o ámbito da psicoloxía.


Apoderar as familias e persoas cuidadoras no proceso de apoio aos/ás seus/súas familiares a través da intervención psicolóxica.

Incrementar o coñecemento social do dano cerebral adquirido mediante a realización de actividades informativas coas familias e principais grupos de risco poboacional.

## Actividades

- 1 Valoracións psicolóxicas iniciais, entrevistas familiares e intervencións terapéuticas individuais e de atención continuada ás necesidades de apoio psicolóxico das persoas con dano cerebral e das súas familias.
- 2 Accións formativas e informativas impartidas por Psicoloxía dirixidas a familias persoas cuidadoras e poboación xeral (charlas en puntos informativos, escola DCA, entre outras).
- 3 Actividades de ocio e dinamización de grupos de apoio orientados á redución da sobrecarga emocional e á mellora do benestar das familias e persoas cuidadoras.

## Resultados



# MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE



## Obxectivos

Garantir a mobilidade e accesibilidade aos servizos de atención especializada das persoas con dano cerebral adquirido galegas, con especial prioridade nas que están en situación de emerxencia social.

Prestar un servizo de transporte adaptado ás persoas con dano cerebral adquirido con mobilidade reducida e en situación de alta dependencia e/ou de emerxencia social, que lles permita acudir aos servizos terapéuticos e programas das entidades, que lles permitan mellorar a súa autonomía e calidade de vida.

## Actividades

- 1 Realizar os traslados diarios de ida/volta dende os domicilios das persoas usuarias incluídas neste programa, a través de un provedor externo, dun servizo propio ou doutras modalidades como desprazamento familiar.
- 2 Executar as accións asociadas á prestación do servizo: recepción das demandas, organización das rutas, rexistros de asistencias, control e comunicación de incidencias, rexistros de repostaxe, mantemento e limpeza periódicas dos vehículos.

## Resultados

IRPF



Xaneiro a decembro de 2025



A Coruña | Lugo  
| Ourense |  
Santiago | Vigo



Condutores/as  
| Auxiliares de  
apoio no  
transporte



### 134 PERSOAS USUARIAS

● DC Lugo

● DC A Coruña

● DC Santiago

● Alento

● DCA Ourense

5

57

27

30

15

15

# OBRAS



## Obxectivos

Contribuír á mellora da calidade de vida da poboación con dano cerebral adquirido, incrementando a equidade, acceso e calidade dos coidados, mediante a expansión e mellora da rede de centros de atención terapéutica ambulatoria, diúrna e residencial das áreas sanitarias de Santiago, Barbanza, A Coruña e Ferrol.

Aumentar os recursos de atención especializada e coidado continuado para persoas con dano cerebral nas áreas sanitarias de Santiago, A Coruña e Ferrol, mellorando a súa calidade de vida.

Facilitar a conciliación e respiro das familias de persoas con dano cerebral, mediante o aumento de recursos especializados de atención sociosanitaria, coidado e neurorrehabilitación nos mesmos lugares.

## Actividades

- 1 Execución material das obras de ampliación e adecuación das instalacións do centro de dano cerebral de Santiago de Compostela, destinadas a reforzar e ampliar os recursos de atención terapéutica ambulatoria, diúrna e residencial.
- 2 Continuación das obras de construción do novo edificio do centro integral de Dano Cerebral A Coruña ADACECO, como parte do proceso de posta en marcha dun novo recurso especializado de atención a persoas con dano cerebral adquirido.

## Resultados

IRPF



Xaneiro a  
decembro de  
2025



A Coruña |  
Culleredo |  
Santiago



Equipos  
técnicos  
completos



**420 PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS | 1.200 INDIRECTAS**

● DC A Coruña

● DC Santiago

● DC A Coruña

● DC Santiago

180

240

500

700

# ACOMPañAMENTO EDUCATIVO



## Obxectivos

Acompañar o proceso educativo dos/as menores con dano cerebral adquirido escolarizados/as para mellorar a súa inclusión e a resposta socioeducativa recibida.

Detectar e analizar as necesidades de apoio escolar do alumnado con dano cerebral adquirido nos centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria.

Dotar de recursos específicos, asesoramento e ferramentas técnicas á comunidade educativa para ofrecer unha resposta adaptada ás necesidades deste alumnado.

## Actividades

- 1 Mapeo de necesidades en relación á atención educativa dos/as menores con DCA escolarizados/as en Galicia, co obxectivo de realizar unha aproximación sistemática á realidade dos centros educativos e identificar posibles situacións de desatención ou falta de recursos específicos. Elaborado folleto informativo do servizo prestado.
- 2 Apoio e asesoramento especializado sobre as necesidades das persoas con dano cerebral adquirido no ámbito educativo, dirixido a profesorado, departamentos de orientación e equipos directivos: elaboración da 'Guía de acompañamento educativo no dano cerebral adquirido'.

## Resultados

19 concellos de Galicia



IRPF



Xaneiro a decembro de 2025



Neuropsicoloxía | Psicoloxía |  
Terapia ocupacional |  
Logopedia | Educación social



## 122 PERSOAS BENEFICIARIAS



concellos



centros educativos



persoas beneficiarias

19

61

122

# MAIORES



## Obxectivos

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores converténdolas en cidadás proactivas con capacidade de toma de decisións sobre a súa saúde que poidan desenvolver un envellecemento cerebrosaudable e cerebrorresponsable.

Apoiar ás persoas cuidadoras maiores de 65 anos, especialmente mulleres, para que poidan construír estilos de vida saudables e autónomos que favorezan o seu desenvolvemento persoal, inclusión social e autocoidado, previr situacións de sobrecarga e mellorar o seu benestar integral.


## Actividades

- 1 Escolas de apoderamento e apoio mutuo, nas que se traballaron competencias para o exercicio dos cuidados e aspectos relacionados coa saúde integral (condición física, autoestima, socialización, benestar emocional e estimulación cognitiva).
- 2 Servizo de respiro familiar, facilitando o acceso das persoas cuidadoras a actividades de ocio e tempo libre que contribúen á desconexión, ao descanso e á participación social (xuntanzas, pago de entradas de ocio...).

## Resultados

IRPF	Xaneiro a decembro de 2025	A Coruña   Lugo   Ourense   Santiago   Vigo	Auxiliares   Monitores/as   Psicoloxía   T. social   Ed. Social	2 persoas voluntarias
€	📅	📍	👥	🤝

### 201 PERSOAS USUARIAS





# 3 | ACTIVIDADES E SERVIZOS DE DANO CEREBRAL GALICIA



# A. INFORMACIÓN E SENSIBILI- ZACION

# POBOACIÓN XERAL (I)



## I. Cinefórum

IV edición do ciclo 'Visións sobre o dano cerebral adquirido no Cinema': dúas sesións nas que se exhibiu o filme *Fálame de ti*, protagonizado por un home que tivo un ictus.

### OBXECTIVO

Incrementar o coñecemento da sociedade galega sobre o dano cerebral adquirido mediante a realización de actividades culturais e deportivas promotoras da saúde.



**62 PERSOAS ASISTENTES**

IRPF



03/06/2025 |  
05/06/2025



Pontedeume |  
As Pontes



2 sesións



Euroeume (AVV  
Bremao  
Campolongo |  
AVV de  
Campeiras)



## 2. Charlas 'Aproximación ao dano cerebral'

Sesións informativas de aproximadamente unha hora e media sobre as principais causas, prevención, secuelas e recursos de atención ao dano cerebral.

### OBXECTIVO

Mellorar a identificación, diagnóstico e tratamento dos factores de risco, causas e secuelas do dano cerebral; con accións e de sensibilización para a poboación xeral.



**322 PERSOAS ASISTENTES**

IRPF



Marzo a  
novembro de  
2025



17 concellos  
de Galicia



17 sesións  
informativas



Concellos |  
AMMRR de Oia  
| AMMRR A  
Ponderosa



# POBOACIÓN XERAL (II)

## 3. Charlas en empresas

Sesións informativas de introdución ao dano cerebral adquirido dirixidas a traballadoras/es do sector empresarial galego.

### OBXECTIVO

Mellorar a identificación, diagnóstico e tratamento dos factores de risco, causas e secuelas do dano cerebral; con accións e de sensibilización nos centros de traballo.

**27 PERSOAS ASISTENTES**

IRPF



Xullo a novembro de 2025



O Grove | Santiago | A Coruña | Arteixo



Grovemar | Centro Ortopédico San Pedro de Mezonzo | Museo de Belas Artes | Ximnasio BeOne



4 charlas



## 4. Charlas sobre 'Dereitos e dano cerebral adquirido'

Sesións baseadas na 'Guía legal para persoas con dano cerebral adquirido. Aproximación á Lei 8/2021 e a outras normativas de interese para o colectivo'. Impartidas por Miguel Vieito.

### OBXECTIVO

Capacitar ás persoas e familias con dano cerebral, profesionais e alumnado do eido sociosanitario e contorna comunitaria para que poidan apoiar e/ou desenvolver os seus proxectos de vida desde un enfoque de vida independente e autodeterminación.

**101 PERSOAS ASISTENTES**

Xuño a novembro



Fundación "la Caixa" | Deputación da Coruña



Pontecesures | Ourense | Santiago



Concello de Pontecesures | Facultade de Traballo Social da Uvigo | EUTS da USC | Residencia Universitaria La Estila



5 charlas



# POBOACIÓN XERAL (III)

## 5. Obradoiro de autocoidados

Obradoiro baseado no 'Caderno de autocoidado para cuidadoras de persoas con dano cerebral adquirido' no que se promove a reflexión sobre o labor de cuidadas e se achegan recomendacións para a mellora da calidade de vida e o coidado da saúde física e mental das familias e persoas cuidadoras.

### OBXECTIVOS

- Capacitar ás persoas cuidadoras informais para o seu autocoidado.
- Prevención do burnout.
- Mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias.



IRPF |  
Fundación "la  
Caixa" | Dep. da  
Coruña



Febreiro a maio  
de 2025



7 concellos de  
Galicia



9 obradoiros



8 asociacións  
e centros de  
ensino



## 98 PERSOAS ASISTENTES



# INFANTIL E XUVENIL (I)



## I. Os Bolechas: Mireia conta que é o dano cerebral adquirido

Obradoiros e dinámicas pedagóxicas sobre discapacidade con poboación de ensino infantil e primario baseados no conto 'Os Bolechas: Mireia conta que é o dano cerebral adquirido'.

### OBXECTIVO

Familiarizar ás crianzas coa discapacidade, sobre todo co dano cerebral, fomentando hábitos de vida saudables, a inclusión educativa e o respecto pola diversidade.



## 206 PERSOAS ASISTENTES

IRPF



Febreiro e marzo 2025



10 concellos de Galicia



10 charlas



10 centros de ensino



## 2. Fast Heroes

Obradoiros infantís baseados na iniciativa Fast Heroes, concibida para sensibilizar especialmente sobre detección e actuación en caso de ictus. Divídense en cinco sesións, das que Dano Cerebral Galicia impartiu en cada centro educativo a primeira e a última.

### OBXECTIVO

Familiarizar ás crianzas coa discapacidade, sobre todo co dano cerebral, fomentando hábitos de vida saudables, a inclusión educativa e o respecto pola diversidade.



## III PERSOAS ASISTENTES

IRPF



Marzo a maio de 2025



5 concellos de Galicia



6 obradoiros | 12 sesións



5 centros de ensino



# INFANTILE XUVENIL (II)

## 3. Ocio inclusivo

Actividade de promoción do ocio inclusivo a través da exhibición e xogo da boccia, un xogo creado especificamente para a discapacidade, en centros escolares.

### OBXECTIVO

Fomentar o ocio inclusivo entre a poboación infanto-xuvenil favorecendo actitudes de respecto pola diversidade de inclusión cara as persoas con discapacidade.

**22 PERSOAS PARTICIPANTES**



IRPF



20/02/2025 |  
26/02/2025



Frades | O Bolo



2 sesións



CPI Ponte  
Carreira |  
CEIP do Bolo



## 4. Accesibilidade en centros educativos

Realización de percorridos de detección de barreiras nos centros educativos con alumnado acompañado e asesorado por profesionais e persoas con dano cerebral adquirido.

### OBXECTIVO

Avanzar cara unha accesibilidade universal nos espazos educativos e capacitar a poboación infanto-xuvenil na identificación de barreiras (físicas, sensoriais e cognitivas).

**60 PERSOAS PARTICIPANTES**



IRPF



Febreiro de  
2025



Castro de Rei



1 encontro  
inclusivo



DC Lugo | IES  
da Terra Cha  
José Trapero  
Pardo | Club  
V. Emevé



# INFANTILE XUVENIL (III)

## 5. Unha noite calquera

Deseño, elaboración e impresión da banda deseñada ‘Unha noite calquera’, dirixida á poboación adolescente, para sensibilizar sobre hábitos de vida saudables e prevención dos factores de risco, especialmente a nivel de seguridade viaria. O obxectivo é empregar este material en obradoiros para poboación xuvenil ao longo de 2026.

### OBXECTIVOS

- Familiarizar á poboación infanto-xuvenil coa discapacidade, especialmente co dano cerebral adquirido, fomentando hábitos de vida saudables, a inclusión educativa e o respecto pola diversidade.
- Sensibilizar para a prevención viaria.



IRPF



Xaneiro a decembro de 2025



Santiago



1.000 exemplares editados



Julia Lago (ilustradora)



# MAIORES CEREBROSAUDABLES



## I. Recunchos Cerebroaudables

Espazos situados en diferentes dispositivos sociosanitarios nos que as persoas maiores poden controlar os seus factores de risco de ictus (medición da presión arterial, azucre en sangue, IMC...) e recibir información sobre hábitos de vida saudable.

### OBXECTIVO

Fomentar hábitos de vida saudables entre a poboación de maiores que reduzan os factores de risco do dano cerebral adquirido.

## 87 PERSOAS ASISTENTES\*



IRPF



29/10/2025 |  
10/12/2025 |  
11/12/2025 |  
16/12/2025



Santiago |  
Ames | Silleda



5 recunchos (3  
centros de saú-  
de | 2 Xornada  
Prevenção  
do Ictus)



Centros saúde  
Vite, Milladoiro  
e Silleda | DC  
Santiago |  
AGEFEC



\*32 en centros de saúde (21 maiores de 65 anos) | 55 na Xornada de Prevenção do Ictus

## 2. Charlas Espazos +60

Sesións informativas sobre o dano cerebral (causas, secuelas, prevención, factores de risco e recursos de atención) dirixidas especificamente a persoas maiores de 65 anos.

### OBXECTIVO

Fomentar hábitos de vida saudables entre a poboación de maiores que reduzan os factores de risco do dano cerebral adquirido.

## 293 PERSOAS ASISTENTES



IRPF



Outubro e  
novembro de  
2025



11 concellos de  
Galicia



11 charlas



Espazos +60  
Afundación



# OCIO, CULTURA E DEPORTE (I)



## I. Carreira e andaina solidaria

A Carreira e Andaina Solidaria Camiñando Polo Dano Cerebral é unha iniciativa deportiva solidaria que acadou a súa 4ª edición e conmemorou os #25AnosPoloDanoCerebral de Alento, Dano Cerebral A Coruña ADACECO e Dano Cerebral Santiago de Compostela.

### OBXECTIVO

Promoción duns hábitos de vida saudables para a prevención do dano cerebral, da participación social para o goce dun ocio inclusivo e visibilización da discapacidade.

## 438 PERSOAS INSCRITAS



IRPF | Deporte Galego | Deputación de Pontevedra



06/07/2025



Vigo



5 categorías (Absoluta | Sub 16/14 | Sub 12/10 | Pitufos | Andaina)



Alento | Concello de Vigo | Vodea | RC Celta | Discamino | AVV Novo Vigo | Abanca | Eroski | Daveiga | Gráf. Garabal | Ecomputer Sant. | Toldos Gómez | Frutas Nieves



## 2. Laboratorio artístico e creativo

Iniciativa destinada á toma de contacto cunha disciplina artística, que neste caso foi a fotografía. Con cámaras ou smartphones, as persoas con dano cerebral adquirido iniciáronse en técnica e imaxe, e exerceron tamén como modelos do docente, Fuco Reyes, nun exercicio de reflexión sobre o relato fotográfico e a propiocepción.

### OBXECTIVO

Contribuír á formación e enriquecemento persoal das persoas con dano cerebral, que teñen a oportunidade de iniciarse nunha disciplina como, neste caso, a fotografía.

## 44 PERSOAS PARTICIPANTES



IRPF



03/04/2025 a 27/06/2025



A Coruña | Lugo | Ourense | Santiago | Vigo



15 sesións (3 sesións en cada asociación)



Fuco Reyes | Asociacións de dano cerebral



# OCIO, CULTURA E DEPORTE (II)

## 3. Exposición 'Contemos multitudes. Dano cerebral adquirido, onde as cousas perdidas volven estar ben'

Estrea da exposición artellada cunha selección de fotografías procedentes do Laboratorio artístico: retratos de Fuco Reyes, textos complementarios manuscritos polas persoas con dano cerebral que exerceron como modelos, e imaxes creadas no marco dos obradoiros.

### OBXECTIVO

Incrementar o coñecemento da sociedade galega sobre o dano cerebral adquirido mediante a realización de actividades de culturais e deportivas promotoras de saúde.

2.384 VISITANTES



IRPF |  
Fundación  
Cidade da  
Cultura



22/10/2025 a  
08/12/2025



Museo Gaiás  
(Cidade da  
Cultura,  
Santiago)



21 imaxes de  
Fuco Reyes | 37  
imaxes das  
persoas con  
DCA



Fuco Reyes |  
Asociacións de  
dano cerebral



## 4. Libro 'Contemos multitudes'

Catálogo ampliado da exposición 'Contemos multitudes', que recolle todos os retratos de Fuco Reyes e a obra creada polas persoas con dano cerebral no Laboratorio artístico, nun soporte deseñado como libro-objecto por Xaime Fandiño e destinado ao público xeral.

### OBXECTIVO

Incrementar o coñecemento da sociedade galega sobre o dano cerebral adquirido mediante a realización de actividades de culturais e deportivas promotoras de saúde.

45 AUTORAS/ES



IRPF | Eroski  
(Céntimos  
Solidarios  
2024)



Xuño a  
decembro de  
2025



Santiago



Non editado  
(impresión  
en 2026)



Fuco Reyes |  
Asociacións de  
dano cerebral



# COLABORACIONES



## I. UDC Saudable

Mesas informativas na Xornada de Benvida da Universidade da Coruña (UDC) nos campus da Coruña e Ferrol, e na I Feira Saúde e Sociedade, organizada na Coruña.

UDC Saudable



IRPF



18/09/2025 e  
15/11/2025



A Coruña |  
Ferrol



3 mesas  
informativas



## 2. Feira Pontesan

Mesa informativa sobre hábitos saudables para a prevención na Feira da Saúde e Benestar Pontesan, que organiza a Escola de Saúde Pública de Pontevedra, do Concello.

Escola de Saúde Pública PO



IRPF



26/09/2025



Pontevedra



1 mesas  
informativa



## 3. II Carreira de Orientación Solidaria polo Ictus

Carreira organizada polo grupo de investigación Ictus Traslacional (TREAT), do IDIS (USC-Sergas), co apoio do Concello de Santiago e da Fund. Cidade da Cultura, dedicada a Dano Cerebral Galicia. Recadáronse 1.273€ de 64 persoas doantes (realizáronse 21 doazóns a través da web da Federación -603€- e 43 doazóns presenciais no día da carreira -670€-).

Aromon | FEGADO



DC Galicia |  
Grupo Treat



12/10/2025



Santiago



250 persoas  
inscritas





## B. FORMACIÓN

## Formación Externa

31 presenciais  
9 online

## Formación Interna

7 presenciais  
39 online

Apoio no fogar de persoas con dano cerebral adquirido

Asistencia persoal no dano cerebral adquirido

Alimentación, deglutición e nutrición: abordaxe no dano cerebral adquirido

Acollida ao movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia

Sexualidade e dano cerebral adquirido

VIII Encontro Formativo de Profesionais

Humanizando as actuacións con persoas con dano cerebral

Lectura fácil

A lei 8/2021 e o seu impacto na discapacidade. Unha análise dende o traballo social

Reanimación cardiopulmonar, soporte vital básico e uso de desfibriladores

Apoio de persoas con dano cerebral adquirido en contornos residenciais non especializados

Obradoiro de adaptación de pratos para persoas con disfasia

Obradoiro de produtos de apoio no dano cerebral adquirido

Outras formacións presenciais

Compra asistida

Outras formacións online

652  
participantes  
nas formacións  
externas



256  
participantes  
nas formacións  
internas





## Apoio no fogar de persoas con dano cerebral adquirido

Curso destinado a capacitar a persoas coidadoras formais e informais no fogar con pautas na atención a domicilio específicas para o dano cerebral adquirido.

ONLINE

**84 PERSOAS INSCRITAS**

2 edicións | 18 horas  
Marzo e xuño de 2025

LOCALIZACIÓN

Online | Escola Dano Cerebral Galicia

COLABORA

UDC Saudable

FINANCIAMENTO

IRPF | Deputación da Coruña

PRESENCIAL

**160 PERSOAS INSCRITAS**

8 edicións | 10 horas (3 sesións/curso)  
Febreiro a outubro de 2025

LOCALIZACIÓN

Rianxo | Silleda | Ferrol | A Coruña |  
Vilagarcía

COLABORA

IES Félix Muriel | CIFP Leixa | CPR Cruz Roja  
| CIFP Fontecarmoa | Fortec

FINANCIAMENTO

IRPF | Fundación "la Caixa" | Deputación da  
Coruña

## Sexualidade e dano cerebral adquirido

Curso creado para capacitar especificamente na abordaxe da sexualidade no dano cerebral a diferentes perfís profesionais relacionados coa atención a esta discapacidade.

IRPF | Fund. "la  
Caixa" |  
Deputación da  
Coruña



Febreiro, xuño e  
novembro de  
2025



Online | Escola  
Dano Cerebral  
Galicia



3 edicións | 50  
horas



UDC Saudable



**95 PERSOAS INSCRITAS**

# FORMACIÓN EXTERNA (II)

## Alimentación, deglución e nutrición: abordaxe no DCA

Formación ideada para abordar as principais secuelas nesta área, como a disfagia, e achegar técnicas para garantir unha axeitada nutrición, hidratación e administración de medicación.

**OBXECTIVO** | Formar ao persoal formal ou informal responsable da atención e coidado sobre as dificultades e particularidades na alimentación, deglución e nutrición en persoas con DCA, e achegar recomendacións e técnicas compensatorias e de tratamento.

ONLINE

**81 PERSOAS INSCRITAS**

2 edicións | 50 horas  
Abril e outubro de 2025

**LOCALIZACIÓN**

Online | Escola Dano Cerebral Galicia

**COLABORA**

UDC Saudable

**FINANCIAMENTO**

IRPF | Deputación da Coruña

PRESENCIAL

**103 PERSOAS INSCRITAS**

5 edicións | 4,5 horas  
Febreiro a outubro de 2025

**LOCALIZACIÓN**

Rianxo | Redondela | Arzúa | Ferrol

**COLABORA**

IES Félix Muriel | IES Chapela | EFA Piñeiral | CIFP Leixa

**FINANCIAMENTO**

IRPF | Fundación "la Caixa" | Deputación da Coruña

## Humanizando as actuacións con persoas con dano cerebral

Actividade promovida pola ACIS para sensibilizar sobre as especificidades e necesidades do colectivo do dano cerebral dirixido a todo tipo de profesionais do Sergas.

**OBXECTIVO** | Formación organizada pola ACIS para sensibilizar e trasladar pautas de boas prácticas a profesionais do Sergas sobre a atención ás persoas e familias con DCA.

ACIS



01/04/2025 |  
02/04/2025



Online | ACIS



1 edición | 8  
horas



Dano Cerebral  
Lugo



# FORMACIÓN EXTERNA (III)

## A lei 8/2021 e o seu impacto na discapacidade. Unha análise dende o traballo social

Formación sobre dereitos e os cambios legais máis recentes impartida pola Federación coa colaboración do asesor xurídico de Dano Cerebral Galicia, Miguel Vieito, para a capacitación das persoas colexiadas no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

**OBXECTIVO** | Formar ás profesionais do traballo social sobre as particularidades da lei 8/2021 e a súa aplicación na práctica laboral diaria.

**30 PERSOAS INSCRITAS**

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia



01/10/2025 a 27/10/2025



Online | Escola Dano Cerebral Galicia



1 edición | 30 horas



Miguel Vieito (asesor xurídico)



## Apoio de persoas con dano cerebral adquirido en contornos residenciais non especializados

Obradoiro destinado a capacitar ao persoal non especializado que traballa en atención directa a persoas con dano cerebral dentro de centros residenciais non específicos. Impartíuse en Caser Pontevedra | Residencia de Mayores Silleda - Milladoiro | Centro de día e fogar residencial de Taboadela | Fogar residencial e centro de día Ceilán.

**OBXECTIVO** | Dotar ao persoal dos centros residenciais de coñecementos para a atención especializada de persoas con dano cerebral adquirido.

**63 PERSOAS INSCRITAS**

IRPF | Fund. "la Caixa" | Deputación da Coruña



Maio a setembro de 2025



Pontevedra | Ames | Taboadela | A Baña



4 edicións | 9 horas (2 sesións/curso)



Centros residenciais



# FORMACIÓN EXTERNA (IV)

## Obradoiro de produtos de apoio no dano cerebral adquirido

Curso ideado para amosar a profesionais implicados/as na atención ao dano cerebral o catálogo e posibilidades de emprego dos principais produtos de apoio para as secuelas máis frecuentes, baseado na 'Guía de produtos de apoio'.

OBXECTIVO | Formar ao persoal sociosanitario sobre a utilidade dos produtos de apoio para aumentar a autonomía das persoas con dano cerebral.

21 PERSOAS INSCRITAS

IRPF |  
Deputación da  
Coruña



Abril de 2025



Santiago



1 edición | 50  
horas



## Compra asistida

Formación organizada polo CERMI Galicia e dirixida ao persoal que traballa en tendas e hipermercados para capacitalo no apoio a persoas con diferentes discapacidades.

OBXECTIVO | Dotar ao persoal de diferentes tendas/hipermercados sobre cuestións básicas de accesibilidade universal e apoio a persoas con discapacidade durante o proceso de compra.

15 PERSOAS INSCRITAS

CERMI Galicia



Outubro e  
novembro de  
2025



Betanzos |  
Vilagarcía |  
Ourense



3 edicións | 4  
horas



Alcampo |  
Gadis





## Asistencia persoal no dano cerebral adquirido

Curso destinado a profesionais de Dano Cerebral Galicia e das asociacións federadas para avanzar na capacitación con respecto á prestación do servizo de asistencia persoal especializado en dano cerebral adquirido.

**OBXECTIVO** | Aumentar o coñecemento das profesionais do tecido asociativo en canto á asistencia persoal e as súas particularidades no dano cerebral adquirido.

**29 PERSOAS INSCRITAS**

IRPF



14/11/2025 a  
17/12/2025



Online | Escola  
Dano Cerebral  
Galicia



1 edición | 50  
horas



Asociacións de  
dano cerebral



## Acollida ao movemento asociativo do dano cerebral en Galicia

Formación sobre o dano cerebral e o seu tecido asociativo en Galicia destinada a facilitar a incorporación e a absorción dos valores e misión por parte do novo persoal contratado.

**OBXECTIVO** | Facilitar a integración do persoal das asociacións e Federación, achegando unha visión xeral da entidade, dos seus valores, funcionamento interno e recursos, coa fin de favorecer unha incorporación informada, coordinada e aliñada coa misión común.

**9 PERSOAS INSCRITAS**

IRPF



01/12/2025 a  
31/12/2025



Online | Escola  
Dano Cerebral  
Galicia



1 edición | 30  
horas



Asociacións de  
dano cerebral



# FORMACIÓN INTERNA (II)

## VIII Encontro Formativo de Profesionais

Dedicado a 'Innovación e investigación no dano cerebral adquirido', o encontro contou cun relatorio sobre a investigación do cerebro e obradoiros de realidade virtual e rehabilitación, o valor social e adaptación dietética.

OBXECTIVO | Favorecer o desenvolvemento de competencias e crecemento profesional así como aumentar a implicación e cohesión do cadro de persoal do movemento asociativo.

### 107 PERSOAS ASISTENTES

IRPF |  
Fundación  
ONCE



10/05/2025



Santiago



1 edición | 4  
horas



CITIC | CICA |  
Campofrío  
Healthcare |  
Asociacións  
federadas



